

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AMES

*Convocatoria do proceso selectivo para a selección e contratación do persoal necesario para o programa integrado para o emprego do Concello de Ames e Brión "Inserames - Brión X"*

#### ANUNCIO

#### CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DO PERSOAL NECESARIO PARA O PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE AMES E BRIÓN "INSERAMES-BRIÓN X"

Por resolución desta Alcaldía núm. 2814/2017, de 5 de decembro, resolveuse a aprobación das bases da convocatoria para a selección e contratación, con carácter temporal e a xornada completa, de dous postos de persoal laboral na categoría de técnico medio de inserción laboral/prospección de empresas no ámbito do desenvolvemento das accións do programa integrado para o emprego "InserAmes-Brión X 2017-2018", e que se transcriben a continuación:

#### "BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DO PERSOAL NECESARIO PARA O PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE AMES E BRIÓN "INSERAMES-BRIÓN X"

##### 1. Obxecto

É obxecto da presente convocatoria e a selección e contratación, con carácter temporal e a xornada completa, de dous postos de persoal laboral na categoría de técnico medio de inserción laboral/prospección de empresas no ámbito do desenvolvemento das accións do programa integrado para o emprego "InserAmes-Brión X 2017-2018".

O contrato laboral de carácter temporal terá una duración prevista dende o inicio da relación laboral ata o 30 de novembro de 2018, vinculando a súa duración á duración das accións previstas no Programa "InserAmes-Brión X", programa integrado para o emprego promovido polos concellos de Ames e Brión a desenvolver nos anos 2017/2018, subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante resolución do director xeral de Orientación e Promoción Laboral do 17 de novembro de 2017, e de conformidade coa Orde do 11 de xullo de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, durante os anos 2017 e 2018.

A xornada de traballo é a tempo completo no horario que se determine atendendo ás necesidades do servizo. Cando as necesidades do servizo o esixan, o traballo poderá realizarse en xornada partida de mañá e tarde.

En materia de definición, características e réxime retributivo dos postos de traballo obxecto de convocatoria, estarase ao establecido aos postos de similar natureza existentes na Relación de Postos de Traballo.

A selección das persoas candidatas máis idóneas realizarase a través do procedemento de selección de concurso-oposición libre, motivado pola urxencia para cubrir os devanditos postos, determinado polo prazo obrigado de inicio das accións previstas na resolución da subvención concedida a esta concello ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 11 de xullo de 2017.

##### 2. Características dos postos.

**Obxecto:** Desenvolvemento das accións previstas no programa integrado para o emprego "InserAmes-Brión X", subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria mediante resolución do director xeral de Orientación e Promoción Laboral do 17 de novembro de 2017 e notificada ao Concello de Ames con data 29 de novembro de 2017.

**Área de Adscrición:** Canceleira de promoción económica, traballo, turismo e participación e atención veciñal.

**Denominación:** Técnico/a de Inserción Laboral-Prospección de empresas.

**Nº de postos:** 2

**Grupo de clasificación profesional** (artigo 22.1 do Estatuto dos Traballadores e primeira modificación puntual do convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Ames, BOP núm. 196, de 17 de outubro de 2016): A2

**Salario:** O salario mensual a percibir polos/as traballadores/as será o que lle corresponda por un contrato de xornada completa para un posto comprendido no Grupo A2, cun complemento de destino 22 e un complemento específico anual para 2017 de 8.631,00 €.

**Titulación mínima esixible:** Título de nivel 2, equivalente ou superior, do Marco Español de Cualificacións para o Ensino Superior. Entenderanse como equivalentes as Diplomaturas Universitarias.

**Outros coñecementos:** Coñecementos de galego.

Contido funcional: As accións a desenvolver no posto son:

- Desenvolver as accións de orientación e busca de emprego, determinación de itinerarios personalizados para a inserción laboral para os participantes no programa, así como a impartición da formación necesaria nesta materia.
- Identificación de oportunidades de formación para os diferentes itinerarios de inserción definidos para cada usuario, colaboración na busca de empresas para a realización de prácticas laborais derivadas ou non de programas formativos.
- Planificar e guiar actuacións individuais e grupais de asesoramento e formación transversal dos/as participantes (obradoiros, dinámicas, sesións de adestramento en técnicas, habilidades e destrezas para a busca de emprego), no seu caso.
- Diseñar e desenvolver un programa de prospección do mercado laboral da contorna, captación de ofertas de emprego e de oportunidades laborais por conta allea propiciando o emparellamento entre as ofertas e os perfís dos usuarios do programa.
- Xestionar o espazo dixital de emprego do programa: difundir información sobre ofertas de traballo, oportunidades de formación e outras novas no eido do emprego.
- Fomentar e captar oportunidades de emprego por conta propia e impulsar o xurdimento de iniciativas dentro dos colectivos. Apoiar o proceso de constitución da empresa, a definición do modelo de negocio, a elaboración do plan de empresa e a posta en marcha.
- Elaboración de informes e documentación necesaria para o desenvolvemento e xustificación das accións do programa.
- Xestión de expedientes individualizados e, en xeral, as medidas que se dirixan a mellorar as posibilidades de ocupabilidade e inserción das persoas beneficiarias do Programa Integrado para o Emprego InserirAmes-Brión X.

**Duración do contrato:** A duración do contrato será dende a data da contratación ata o 30 de novembro de 2018.

**Modalidade:** A modalidade de contratación será a de laboral temporal por obra ou servizo determinado a xornada completa, ao abeiro do establecido no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores e no Real Decreto 2720/1998, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

### 3. Requisitos dos aspirantes.

Para poder tomar parte na presente convocatoria, os aspirantes deberán reunir, antes do remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a. Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG), permita o acceso ao emprego público.
- b. Estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, do título de nivel 2, equivalente ou superior, do Marco Español de Cualificacións para o Ensino Superior. Entenderanse como equivalentes as Diplomaturas Universitarias.
- c. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas (CCAA), nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fora sido separada ou inhabilitada.

No caso de persoal laboral, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas (CCAA), nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

d. No caso de nacionais doutros Estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

- e. Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e. Estar en posesión das capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f. Estar en posesión do CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten dito coñecemento da Lingua Galega requirido ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto no terceiro exercicio da fase de oposición reflitado nas bases, e que cualificará ao/á aspirante como apto ou non apto.

#### 4. Presentación de solicitudes.

As solicitudes presentaranse, conforme ó modelo que se achega como anexo, no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos rexistros establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante os cinco (5) días hábiles seguintes á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Con ela acompañaranse debidamente compulsadas:

1. Fotocopia do D.N.I.
2. Fotocopia da titulación esixida no apartado 3.b).
3. Declaración xurada de aceptar as bases e de cumprir os requisitos esixidos no apartado 3 das mesmas.
4. Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos dos mesmos. Non se valorarán os méritos que non estean debidamente acreditados e compulsados dentro do prazo de presentación da solicitude.
5. Xustificante de ter aboados os dereitos de exame.
6. As persoas discapacitadas deberán facelo constar nas súas instancias sinalando se precisan adaptación das probas. A condición de persoa con discapacidade acreditarase coa certificación correspondente expedida polo órgano competente.

#### 5. Dereitos de exame

Os dereitos de exame corresponderanse coa tarifa dun grupo A2, que deberán ser aboados obrigatoriamente a través da folia de autoliquidación de taxas, á que se poderá acceder a través da seguinte dirección:

[http://www.concellodeames.gal/ames\\_dixital\\_oficina\\_virtual\\_tributaria.php?idioma=es](http://www.concellodeames.gal/ames_dixital_oficina_virtual_tributaria.php?idioma=es)

Os dereitos de exame para os grupos anteriores estarán bonificados e terán cota cero nos seguintes casos: persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (para o que deberá presentar o certificado de discapacidade correspondente) e para aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, ao menos, de seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas nas que solicite a súa participación (para o que deberá presentar o certificado de períodos de inscrición expedido pola oficina de emprego correspondente).

#### 6. Admisión dos aspirantes

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. En dita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello de Ames, indicarase o nome, apelidos e DNI das persoas admitidas e excluídas, coas causas da exclusión, e concedendo un prazo de tres (3) días hábiles para a subsanación da documentación necesaria para participar no proceso. No caso de que non existan aspirantes excluídos/as, a lista de admitidos/as quedará aprobada definitivamente sen abrir o prazo de subsanación de documentación.

Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos aportados dentro do prazo de presentación de solicitudes, non tomándose en consideración os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova de documentación fora de prazo.

As reclamacións será aceptadas ou rexeitadas por resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as; na mesma, determinarase o lugar, data e hora de comezo do proceso selectivo, así como a composición

definitiva do Tribunal. A referida resolución publicarase no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Ames e na paxina web municipal.

## 7. Sistema selectivo

O procedemento de selección constará de dúas fases: fase de concurso de méritos e fase de oposición.

**Fase de concurso:** O baremo do concurso será o seguinte:

a) **Servizos prestados** como técnico/a de programas integrados para o emprego ou en funcións de orientación e busca de emprego, determinación de itinerarios personalizados para a inserción laboral, inserción laboral e en xeral as medidas que se dirixan a mellorar as posibilidades de ocupabilidade de persoas desempregadas en programas de formación e emprego: obradoiros/escolas obradoiro/casas de oficios, orientación laboral, técnicos de emprego, axentes de emprego e desenvolvemento local, AFD, plans de emprego, e outros de similar identidade sempre que se encadren nas políticas activas de emprego implantadas polas diferentes administracións públicas.

Neste apartado poderase acadar ata un máximo de **5.5 puntos** tendo en conta o seguinte:

### Puntuación:

Por realizar tarefas directamente relacionadas con:

a.1) Programas integrados para o Emprego: 0.5 puntos/mes. **Ata un máximo de 4.5 puntos neste apartado.**

a.2) Tarefas de orientación laboral/profesional, axente de emprego, técnico/a ou axente de inserción laboral: 0.1 puntos/mes. Outras experiencias laborais realizando tarefas técnicas relacionadas co posto ofertado: 0.05 puntos/mes. **Ata un máximo de 1 punto neste apartado.**

**Forma de acreditación dos servizos:** fotocopia compulsada do contrato de traballo e certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Deberá quedar debidamente acreditado o posto de traballo concreto e as funcións desempeñadas.

Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

No caso de que a relación fose funcional, deberán acreditarse os servizos mediante a resolución de nomeamento, a toma de posesión e a certificación da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Naqueles casos nos que da documentación anterior non se deduza claramente as funcións desempeñadas, o aspirante deberá aportar, a maiores, un certificado da empresa ou da administración pública correspondente no que se reflectan as funcións realizadas.

Non se terán en conta outras formas de acreditación dos servizos e, en ningún caso, un certificado de servizos prestados poderá substituír ao contrato de traballo ou a resolución de nomeamento e toma de posesión.

A documentación acreditativa dos servizos realizados deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitude, a documentación que se presente fóra deste prazo será considerada achega de nova documentación fóra de prazo e non se terá en conta.

### b) Formación relacionada.

Por cursos, xornadas, seminarios ou congresos de formación e perfeccionamento realizados polas persoas aspirantes, en calidade de alumnado ou docente, relacionados coas funcións do posto de traballo obxecto da presente convocatoria e que foran organizados ou impartidos polas Administracións públicas ou Entidades particulares recoñecidas ao efecto por calquera Administración pública. Para este último caso as persoas aspirantes deberán aportar, xunto ao documento acreditativo da súa participación no curso, xornada, seminario ou congreso, o documento acreditativo do recoñecemento ou homologación oficial do mesmo, cun mínimo de 10 horas lectivas, e ata un máximo de **2,5 puntos**:

b.1) Por cada curso de 10 a 30 horas: 0,10 puntos

b.2) Por cada curso de 31 a 100 horas lectivas: 0,25 puntos

b.3) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas: 0,50 puntos.

b.4) Por cada curso de máis de 201 horas lectivas: 1 punto.

**Forma de acreditación:** certificación da entidade que impartiu o curso ou copia compulsada do documento oficial acreditativo da súa realización onde quede acreditada a duración e o contido. No caso de que a duración só se estableza por créditos e non por horas, cada crédito equivalerá a 10 horas.

Quedarán á consideración do Órgano de Selección a estimación ou non dos méritos presentados.

A desestimación da valoración de algún deles deberá estar referido á falla de acreditación ou á non consideración da súa relación cos obxectivos da praza ou o perfil esixido.

**Fase de oposición:** Terá carácter obrigatorio e eliminatorio e consistirá no seguinte exercicio:

#### Primeiro exercicio

A fase de oposición consistirá na elaboración dun proxecto referido ás actividades a desenvolver durante a execución dun Programa Integrado para o emprego, relacionado coas materias contidas no temario que se recolle de seguido, sen que teña que adaptarse ao contido dun tema específico.

1. A Orde do 11 xullo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2017 e 2018.

2. A prospección do mercado de traballo. Fontes para a captación de ofertas. Técnicas de captación de ofertas. Márketing directo. O mercado laboral da comarca, oportunidades e perspectivas de empregabilidade.

3. Deseño de itinerarios personalizados para a inserción laboral.

4. Ferramentas para a procura de emprego. A carta de presentación. A autocandidatura. O curriculum vitae. A axenda de busca. O emprego nas redes sociais.

5. A entrevista de selección. Definición. Obxectivos, tipoloxía.

6. Características persoais facilitadoras do acceso ao mercado de traballo.

7. Variables profesionais determinantes no proceso de busca de emprego.

8. Planificación e xestión do proceso de busca de emprego. A axenda de busca activa e eficaz de traballo.

9. Os programas integrados en materia de emprego. Entidades beneficiarias, duración e contía das subvencións.

10. Os programas integrados en materia de emprego. Concepto, obxectivos e destinatarios. O seu desenvolvemento e xustificación.

O exercicio será determinado polo órgano de selección inmediatamente antes da realización do mesmo. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 120 minutos.

Finalizada a proba escrita, e inmediatamente despois, os candidatos serán citados individualmente para a lectura do seu proxecto ante o Órgano de Selección. O Órgano de Selección poderá realizar cantas cuestións considere para un maior discernimento da adecuación do proxecto aos obxectivos do Programa Integrado

Valoraranse os coñecementos da persoa candidata, a calidade do proxecto ou suposto presentado e a capacidade das persoas aspirantes para explicar e facer chegar os contidos do mesmo, así como a claridade na exposición.

A proba cualificarase de 0 a 12 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 6 puntos, correspondendo ao Tribunal determinar cal é o nivel de coñecementos mínimos necesarios para obter esta puntuación.

**Segundo exercicio:** Obrigatorio para os que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 4 ou equivalente).

Os/as aspirantes que non acrediten posuír, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de coñecemento do galego requirido, nos termos do previsto no apartado 3.f) das presentes normas, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega. Dita proba consistirá en traducir un texto (facilitado polo Tribunal, inmediatamente antes de celebrarse a proba), e sen axuda de dicionario, do castelán ao galego. Esta proba terá unha duración máxima de 30 minutos e cualificará ao/á aspirantes como “apto” ou “non apto”, correspondéndolle ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto; quedando eliminados do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non acaden dita cualificación de apto.

Os aspirantes que non acrediten posuír o CELGA correspondente, ou que, alternativamente, non teñan sido declarados aptos na proba específica de galego, non superarán o proceso selectivo e non poderán ser propostos nin para a súa contratación nin para formar parte da bolsa de traballo que se xere.

A puntuación final obterase sumando as puntuacións acadadas na fase de oposición e a obtida na fase de concurso. No caso de empate na puntuación total do concurso- oposición terase en conta, prioritariamente, a puntuación obtida na fase de oposición. En caso de que persista o empate, atenderase á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación dos aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2017 (letra “K”, DOG núm. 20 de 30/01/2017). Nos apelidos compostos coa preposición de, da, de la, d’...a mesma non será tida en conta (por exemplo: Marta de Castro. A letra a ter en conta será a “C”). De persistir o empate, atenderase

á segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer o empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome. De persistir igualmente o empate, dirimirase por sorteo.

#### 8. Tribunal cualificador.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas. Ditos asesores colaborarán co órgano de selección unicamente no exercicio das súas especialidades técnicas, tendo voz pero non voto.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido nas presentes bases e na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, como nas demais normas aplicables.

#### 9. Proposta do tribunal

Tras a fase de concurso, o tribunal fará pública a puntuación obtida polas persoas candidatas no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello de Ames.

Finalizado o proceso selectivo, o tribunal fará pública a puntuación total das persoas candidatas propoñendo a contratación das que obteñan a maior puntuación final. As persoas aspirantes seguintes, se as houbera, determinadas por orde descendente de puntuación, serán propostas polo tribunal para formar parte da lista de substitucións para cubrir posibles empregos temporais no desenvolvemento de dito programa.

#### 10. Contratación

A Alcaldía-Presidencia resolverá a contratación das persoas propostas polo tribunal, así como a relación de aspirantes que pasarán a formar parte da lista de substitucións

#### 11. Incidencias

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso en todo o non previsto nas bases.

#### 12. Publicidade do proceso selectivo

As bases máis o anuncio da convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ames.

Os sucesivos anuncios referentes a este proceso selectivo serán publicados unicamente na páxina web e no taboleiro da anuncios da sede electrónica do Concello de Ames.

Así mesmo, poderase obter información en relación con estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e das actuacións do tribunal, no servizo de RRHH do concello.

#### ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE:

D/D<sup>a</sup> ..... con DNI nº ..... domicilio a efecto de notificacións en ..... teléfono ....., solicita tomar parte no proceso de selección convocado polo Concello de Ames para a contratación laboral temporal por obra ou servizo determinado, de dous/ dúas técnicos/as de inserción laboral para o programa integrado de emprego "InserAmes-Brión X", declarando que reúne os requisitos sinalados na base terceira da presente convocatoria, que declara coñecer. Achégase a seguinte documentación compulsada:

1. Fotocopia do D.N.I. (Compulsada)
2. Fotocopia da titulación esixida no apartado 3. (Compulsada)
3. Declaración xurada de aceptar as bases e de cumprir os requisitos esixidos no apartado 3 das mesmas.
4. Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos dos mesmos (orixinais ou copias compulsada).
5. Xustificante de ter aboados os dereitos de exame ou de estar eximido do seu pago conforme ao apartado 5 das bases.

En Ames, a ..... de ..... de 2017

Ames, 7 de decembro de 2017

O alcalde

José M. Miñones Conde